

ESTREA EN NUMAX: 15.06.2018 | V.O.S.E. | +12

Transit (2018, 101')

Dirección: Christian Petzold

Guión: Christian Petzold (Novela: Anna Seghers)

Elenco: Franz Rogowski, Paula Beer, Godehard Giese, Lilien Batman, Maryam Zaree, Barbara Auer, Matthias Brandt, Sebastian Hülk

Son: Andreas Mücke-Niesytka

Montaxe: Bettina Böhler

Vestuario: Katharina Ost

Dirección de arte: Gilles Graziano

Fotografía: Hans Fromm

Música: Stefan Will

Produtoras: Neon Productions, Schramm Film (Alemaña)

Distribuidora: Golem Distribución

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Francés, alemán

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Phoenix, 2014

Barbara, 2012

Jerichow, 2008

Fantomas, 2005

Wolfsburg, 2003

The State I Am In, 2000

Cuba Libre, 1996 [TV]

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinala 2018 (Sección oficial),

BAFICI 2018 (Sección oficial),

Nuremberg 2018 (Mellor filme)

SINOPSE

Segunda Guerra Mundial. En Marsella, refuxiados de toda Europa embarcan rumbo a América, fuxindo da ocupación Nazi. Entre eles, o mozo alemán Georg, suplanta a identidade dun escritor morto para utilizar o seu visado, que lle garante refuxio en México. En Marsella namórase de Marie, unha moza que busca desesperadamente o home que ama, sen o que non está disposta a marchar..

«Petzold compón unha tan abraiante como barroca metáfora do tempo, un filme tan denso como incómodo, tan luminoso como grave»

Luis Martínez, EL MUNDO



“A miña referencia foi o estilo narrativo de *Barry Lindon*”

Entrevista con Christian Petzold

Foi difícil describir dous mundos tan distintos como a Marsella de 1940 e a actual?

Antes de sentar a escribir o guión, tentei imaxinar como describir os refuxiados na Marsella de hoxe sen facer o menor comentario. Non resultou difícil. Non me chocou imaxinar alguén vestido con traxe e cun bolso mariñeiro na procura dun hotel preto do peirao a dicir: «Teño que saír de aquí como sexa, os fascistas han chegar dentro de tres días». Non me pareceu desconcertante, aínda que si o sexa o feito en si. Entendín os movementos dos refuxiados, os medos, os traumas e a historia de toda a xente que chegou a Marsella. Mesmo me sorprendeu que non sentise a necesidade de explicalo.

Sempre soubo que quería rodar en Marsella?

Coido que tanto os actores como todos os que participamos no filme temos o deber de conectar coa cidade na que se basea a historia. O mundo non nos pertence porque si, debemos atopar un xeito de conectar con el, e ese mundo, o de Marsella, é moi complexo. O mosaico da cidade é moi rico e non precisa os turistas para vivir. Hospedámonos nun hotel do barrio de Le Panier, onde rodamos algunhas escenas. Os alemáns

derrubaron case toda a zona porque era unha forte bolsa de resistencia. Foi reconstruído nos cincuenta, pero aínda se ve o que era Le Panier antes.

Durante o período dedicado aos ensaios visitamos acotío os decorados onde iam os rodar para nos familiarizar con eles antes de alimalo cos focos. Un lugar onde o presente e o pasado colisionan até tal punto que so pode enriquecer un filme no que se superpoñen estes dous planos. Scorsese dixo unha vez que non lle gustaba nada cortar rúas e crear mundos cunha coreografía de figurantes. Nunca hai máis de tres extras nos encadres de *En tránsito*, filmabamos a xente que estaba na rúa.

En que se baseou para a fotografía, o vestiario e os decorados? As zonas de tránsito sempre son críticas, hai que buscar un equilibrio. Queríamos que fose actual pero sen modernizar de máis os personaxes. A idea non era crear pantasma dun pasado lonxano aboiando en Marsella, debían ser pantasma moi actuais. Katharina Ost, a deseñadora de vestiario, dixo desde o primeiro momento que a roupa non debía ser retro nin moderna, senón clásica, camisas e traxes clásicos. Fixemos o mesmo co deseño de produción. Por exemplo, apenas tocamos nada nos pequenos hoteis onde rodamos en Marsella. Pero non todo foi doado. O café Mont Ventoux, o auténtico, segue a existir, pero agora é un McDonald's. Non nos servía de nada. Pero un pouco máis aló segue a haber restaurantes que non parecen ter mudado en todos estes anos, manteis a cadros, pizzas, rosado...

O lugar onde vivía Georg, a súa historia persoal, apenas está bosquexada no filme. Anna Seghers contou a historia en primeira persoa. Un refuxiado conta unha historia ou outra. Dálle medo de aburrir aos demais porque está rodeado de refuxiados. Pero cando un conta a súa historia, sobre todo despois dun trauma, cando se perdeu algo tan importante como o idioma e o fogar, volven aparecer fragmentos de memoria. Todo aparece na novela, as cancións de berce, os cheiros, as imaxes da nenez, a luz... Soben desde o máis fondo, como se se lle cortara o paso ás lembranzas porque ao fuxir deixa de existir a morriña. Estes fragmentos de recordos son pequenas marabillas na linguaxe de Anna Seghers. O narrador lembra algo e as palabras adquiren un ritmo totalmente diferente. Cando Georg le o manuscrito do escritor ou cando canta *Abendlied* (Canto do atardecer), de Hanns Dier Hüsche, lembra axiña a marabilla que era a linguaxe e a música antes dos nazis, e decátase de que a súa retórica, filmes, propaganda e posesión do espírito conseguiron destruír a cultura alemá.

Por que non adoptou unha narración en primeira persoa como na novela?

A miña referencia foi o estilo narrativo que Stanley Kubrick empregou en *Barry Lindon* (1975), un narrador observa o protagonista e quere o pesar dos seus defectos. Se miramos o heroe desta forma acabamos por ter unha actitude moi especial cara a el.

Publicado en golem.es
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Tránsito, Anne Seghers. RBA, 2010
Phoenix, Christian Petzold. Golem [DVD]
Barbara, Christian Petzold. Cameo [DVD]
Yella, Christian Petzold. Jour2fete [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
e ven sempre
por 4,5€

Faite
NUMAX!